

A xestión e dirección da economía en Cuba

Julio A. Díaz Vázquez

Introdución

Existe consenso, desde ópticas diferentes, para aceptar a existencia obxectiva dunha “*economía globalizada*” onde Cuba ten que reinserirse. É incuestionábel que os patróns para esta rearticulación mudaron radicalmente, no fundamental, ao precisar de “*novas ancoraxes*” en substitución dos desaparecidos co derrubo do socialismo na Europa. Alén diso, estar baixo a influencia de variados factores; unha “*revolución tecnolóxica*” e “*tele-informática*” que esixe a tomada de decisións en “*tempo real*” e impón, de certa maneira, a rexionalización da economía, a homoxeneización das relacións económicas internacionais e, aínda máis, a transparencia no funcionamento e a xestión das empresas.

Deste xeito, consideramos útil e de interese actual centrar a atención deste traballo, en sintetizar as experiencias que, ao arribar ao medio século da “*alborada revolucionaria*” de xaneiro de 1959, constatamos no establecemento de “*mecanismos sistémicos*” de xestión e dirección da economía cubana, así como as posibles rotas que apuntan no próximo futuro.

No entanto, resulta útil lembrar a modo de accidente histórico, que no curso do século XX, a economía da illa, aproximadamente cada 30 anos, sufriu traumáticas conmocións.

A segunda metade dos anos 1920 e inicios dos 1930 do pasado século marcou a creba dunha primeira variante do “*modelo neocolonial*”. Conformouse por volta do latifundio agrario, ou monocultivo caneiro-azucro, a suxeición ao mercado norteamericano e a dependencia política. A República nada en 1902 foi “*mutilada*” por Estados Unidos co aborto da “*Emenda Platt*”. A sinatura doutro “*Tratado de Reciprocidade*” (1934), máis a abrogación da aberración “*plattista*”, derivou cara un novo axuste “*neocolonial*”, mais, igualmente, sometido ao “*norte revolto e brutal*”.

O triunfo revolucionario de 1959 daría unha virada á orde social estruturada no país. Iniciouse unha profunda reforma agraria que rexeitou o “*veciño anglosaxón*”; desencadeando un proceso de nacionalización da industria, banca, comercio, servizos, transportes, etc. A política de “*golpe e contragolpe*” culminou na derrota da invasión “*mercenaria de Playa Girón*”, en 1961. A Revolución andou cara ao socialismo. A propiedade estatal converteuse na sustentadora do futuro socioeconómico de Cuba. Coa rota elixida producíase na illa un “*salto*” no tempo. O socialismo aparece, polas “*ironías do destino*”, onde as condicións obxectivas, no económico, non eran as máis propicias⁽¹⁾.

(1) DORTICÓS TORRADO, Osvaldo: *Análisis y perspectivas del desarrollo de la economía cubana*, Revista Economía y Desarrollo, n° 12, 1972, páxs 28-62.

Unha adversidade histórica, a caída do socialismo no centro-leste europeo; e a desintegración da Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (URSS), puxeron ao país perante a máis profunda crise económica da etapa revolucionaria. Iniciouse, a partir de 1990, un período de axustes e reacomodacións que, prolongados até hoxe en día, procuran reinserir á illa na economía mundial; agora, aos influxos de tendencias e regras definidas pola “*globalización*”, novos paradigmas tecnolóxicos, mercados máis esixentes e finanzas “*duras*”.

É factíbel, entón, ao focalizar a análise das modalidades probadas na dirección e xestión da economía no país, *grosso modo*, definir tres grandes momentos, ao longo das case cinco décadas que corren de 1959 a 2008. División que ficaría acoutada de 1959 a 1975; entre 1976 e 1989; e de 1990 até os nosos días. Mesmo que, certamente dentro destes tempos, é posíbel detectar fases que, entre outras cuestións, serviron para crear condicións de tránsito dun a outro período ou realizar rectificacións nos métodos ou mecanismos aplicados en cada etapa.

A experimentación: 1959 -1975

Dentro das economías socialistas coñecidas, Cuba, por diferentes razóns, constitúe unha singularidade que, precisamente, toma un dous seus significados reais, ao tentarse unha vista de ollos retrospectiva nas experiencias que poden compendiarse, na formación dun sistema de xestión e dirección económica integrado organicamente en todos os seus compoñentes.

As transformacións que levaron ao tránsito cara unha economía socialista, amosou que o paso democrático-burgués e antiimperialista ao socialismo percorreu sen cambios na vangarda política e dirección que encabezou a revolución. A estrutura do Estado “*neocolonial*” foi minada desde dentro, sen alteracións “*traumáticas*”. A nova orde xurídica apareceu co deseño de institucións e organismos que substituíron e asumiron as funcións que servirían de bases sustentadoras do novo “*Modelo*” en fundación⁽²⁾.

O papel central en moldar este proceso desempeñouno o “*Instituto Nacional da Reforma Agraria*” (INRA), constituíndose en algo así como un Estado dentro do Estado. As necesidades de financiamento que esixían as unidades do INRA que, por diversas vías, pasaban a engrosar o patrimonio estatal (recuperación de bens malversados, nacionalizacións, etc), levou á creación en 1961 dun fondo centralizado para realizar a zafra azucreira dese ano. Igual fórmula ensaiouse no conxunto das actividades industriais que, inicialmente, administrou o “*Departamento de Industrias do INRA*”.

Esta experiencia resultou unha aproximación do que, con posterioridade, sería o “*Sistema de Financiamento Orzamentario*”. Axustouse aos impulsos que lle

(2) VILARIÑO RUIZ, Andrés e DOMÉNECH NIEVES, Silvia M.: *El Sistema de Dirección y Planificación de la Economía en Cuba*, Historia, Actualidad y Perspectivas, Editorial Pueblo y Educación, A Habana, 1986.

achegou o esforzo e coherencia insuflados por Ernesto “Che” Guevara. Ao crearse en 1961 o Ministerio de Industrias, a súa aplicación estendeuse ao novo organismo.

Os perfís máis relevantes do “*Sistema*” eran: as empresas, a partir do emprego de tecnoloxías comúns, agrupáronse en consolidados que, a súa vez, subordinaban unidades e talleres; aplicaron métodos centralizados de planificación; cubrían os seus gastos mediante un fondo orzamentado; os seus ingresos ían directos á caixa do Estado; os produtos intermedios rotaban entre as empresas sen constituíren mercadorías. É dicir, trasladáronse cos seus gastos; convertíanse en “*mercadorías*” cando cambiaban de “*propiedade*”; a eficiencia económica era medida a través da diminución dos custos.

Entre os seus sucesos contaron: a elaboración dunha base estatística, a unificación das técnicas contábeis, así como estruturar os procedementos de xerencia baseados en métodos modernos de control para a época e coñecidos no país. As empresas eran sometidas a unha estrita supervisión administrativa. Sendo altamente centralizado, utilizaba dun xeito moi restrinxido, as pancas económicas, as relacións mercantís e o estímulo material⁽³⁾.

Entre tanto, no sector agropecuario, pola súa alta dependencia de factores climáticos, máis as particularidades das actividades da produción vexetal e pecuaria, promoveuse unha maior autonomía para os elos inferiores da organización empresarial. Este ramo introduciu unha especie de “*cálculo económico*” (cubrir custos con ingresos e xerar excedentes) con menor grao de centralización. Aínda que, en verdade, a ausencia de “*ganancias*” e cubrirse as perdas polo orzamento, fixo que as súas pautas funcionasen de xeito parcial e moi limitadas.

O carácter mixto da economía, (unidades agroindustriais, comercio atacadista e parte do comerciante polo miúdo, bancos, transporte, etc) estatais, cooperativas e un sector (comercio, adegas, quioscos, etc, pequenos talleres, industrias artesanais e produtores individuais no campo) privado, até finais da década de 1960, encontraron articulación a través dun “*mercado semipreso*” que integrou as necesarias relacións entre os diferentes estratos produtivos. No entanto, a introdución do “*consumo regulado de alimentos e doutros bens*”, en marzo de 1962⁽⁴⁾, e a posterior “*Ofensiva Revolucionaria*”, de marzo de 1968, que eliminou todo tipo de actividade privada e individual (excepto no agro e no transporte), na práctica, desposuíu o “*mercado*” de “*case*” todas as súas funcións económicas⁽⁵⁾.

(3) TABLADA PÉREZ, Carlos: *El Pensamiento Económico de Ernesto Che Guevara*, Editorial de Ciencias Sociales, A Habana, 1987.

(4) DÍAZ VÁZQUEZ, Julio A.: *Consumo y distribución normada de alimentos y otros bienes en Cuba*, páxs 33-56, en BURCHARDT, Hans-Jürgen: *La última reforma agraria del siglo*, Editorial Nueva Sociedad, Caracas, Venezuela, 2000.

(5) *La Nacionalización de los Establecimientos Privados en la Ofensiva*, monografía, Suplemento do Militante Comunista, editado pola Secretaría de Organización e a Comisión de Orientación Revolucionaria, A Habana, 1968. Para a historia: Este material foi elaborado por Andrés Vilariño Ruiz (falecido), marxista de formación “*ortodoxa*”; cumpriu a tarefa encomendada polo Partido. Escribiu e entregou outro traballo, onde deixou constancia dos seus criterios persoais acerca da aplicación masiva de esas medidas nacionalizadoras. Para que superase as súas debilidades e nutrírase do espírito proletario, foi incorporado ao colectivo obreiro da refinaría Níco López. (N.A.).

Por outra parte, a mediados e finais da década dos anos 1960, xorden factores políticos e económicos que distanciaron as prácticas, até entón imperantes, na organización, xestión e dirección económica. Entre outras moitas metas, contou a produción de 10 millóns de toneladas de azucre (1964-1970); tarefa que subordinou o esforzo organizativo e produtivo do país a ese propósito. No político, as funcións do Partido e do Estado confundíronse. Ambiciosos fins económicos, máis a mestura de Partido e Estado pareceron consagrar a “*vía caribeña*”, –que a realidade mostrou utópica–, da construción “*paralela do socialismo e do comunismo*” como finalidade inmediata da sociedade cubana.

De tal aspiración brotou unha “*nova*” forma de dirección económica. Apartouse da tentativa innovadora do “*financiamiento orzamentario*” e do frustrado “*cálculo económico*” ensaiado no sector agropecuario. En 1967 introduciuse un “*Sistema de Rexistro Económico*” que, entre outras “*virtudes*” e, achegando “*unha visión refrescante*” ao marxismo, eliminou as cobranzas e pagamentos entre as empresas do sector socialista e, con isto, as relacións mercantís na área estatal, ao considerarse “*demasiado capitalistas*”; a contabilidade nas empresas case desapareceu. Os estudos contábeis amosáronse drasticamente reducidos.

O orzamento estatal pasou á asignación de recursos en diñeiro para o pagamento dos salarios, a compravenda co sector privado e créditos ao campesiño. O Banco Nacional reestruturou as súas funcións; desapareceron organismos da Administración Central do Estado (ACE), así como xurdiron outros organismos. Os rumbos abertos co “*experimento*” tocaron outras cuestións: ampla política de gratuidades, desvincular o salario das normas de traballo, renuncia ao pagamento de horas extras, horarios de conciencia, etc.

Os grandes saltos produtivos agardados non se conseguiron. Nos primeiros tempos de 1970 abriuse unha etapa de “*rectificación*”. Aos “*anos de simple sobrevivencia*” do proceso e do poder revolucionario⁽⁶⁾ seguiu a vontade “*dos erros de idealismo que achamos traballo na xestión da economía, sabelos rectificar valentemente*”⁽⁷⁾. O Produto Social Global (PSG) na década de 1960-1970 tivo un comportamento moi dispar. No quinquenio 1961-1965 creceu a un ritmo do 1,9%; e, en 1966-1970, ao 3,9%.

Así, entre 1971-1975 estrutúrase unha política económica que, con amplos obxectivos, acentuou o esforzo principal na elevación da eficiencia, eliminar os grandes desaxustes nas finanzas internas, facer corresponder o salario coa achega do traballo realizado, e mellorar o nivel de consumo da poboación. A economía logrou unha taxa de incremento do PSG do 10%; coa excepción de que as cifras de partida (1970) eran moi pesimistas. A etapa, alén diso, serviu para crear os cimentos que institucionalizaron as formas de poder que adoptou a Revolución, así como introdu-

(6) DORTICÓS TORRADO, Osvaldo: Ob.Cit.

(7) CASTRO RUZ, Fidel: *XX Aniversario del Ataque al Cuartel Moncada*, Revista Economía y Desarrollo, nº 19, páxina 19.

cir os métodos e mecanismos que deran carácter sistémico á xestión e funcionamento da economía.

Os novos rumbos: 1976-1989

Ao aplicarse un dos acordos do “*I Primeiro Congreso do Partido Comunista de Cuba*” (PCC) adoptouse, desde 1976, un “*Sistema de Dirección e Planificación da Economía (SPDE)*”, en versión “*restrinxida do cálculo económico*”, consagrado na práctica socialista europea, mais recollida “*de maneira realista esa experiencia*” e tratar de adaptala ás nosas condicións, facéndoo ademais con moito coitado e con criterio máis ben conservador⁽⁸⁾.

O cualificativo de “*restrinxido*” apartouno, tanto da versión orixinal soviética dos anos 1920, as aplicadas no centro-leste europeo, así como daquelas variantes introducidas polas reformas dos anos 1960, nesas latitudes. Porén, os principais elementos estruturais e as bases organizativas de xestión e dirección, é dicir, o seu “*núcleo duro*”, partían dos principios que distinguiu a práctica económica dos países socialistas e, en particular, da URSS⁽⁹⁾.

No económico, caracterizou ao SDPE a planificación centralizada, con exclusión dos sinais do mercado como medio orientador para as empresas e consumidores; e o papel pasivo da moeda. Na organización política, un partido único de vangarda; un sistema estruturado nas instancias dos poderes populares (nación, provincia, municipio) como forma máis desenvolvida de democracia. Por razóns históricas e culturais e a situación xeográfica, a expresión, “*ditadura do proletariado*” ven tendo un emprego limitado na linguaxe política da illa. A política social ficou incorporada como un todo ao modelo de desenvolvemento económico: educación, saúde, traballo, vivenda, descanso e seguridade na vellez, para todos os cidadáns, etc.

No institucional, a Constitución outorgou ao Partido o carácter de reitor da sociedade cubana nos eidos político, económico e social. En tanto, o proxecto social contido no ideal socialista atopou nunha ideoloxía oficial promovida polo Partido-Estado, o axente aglutinador e construtor do consenso social. Noutro plano serviu de elemento para unir a orde social arredor dos obxectivos supremos trazados pola vangarda política que encarna o Partido.

Alén diso, se ben no socialismo coñecido, o Estado é quen retén o peso fundamental da economía, no caso de Cuba, polo grao e papel na xestión econó-

(8) CASTRO RUZ, Fidel: *Informe Central al I Congreso del PCC*, Departamento de Orientación Revolucionaria, A Habana, 1975, páx 111.

(9) DÍAZ VÁZQUEZ, Julio A.: *La aplicación y perfeccionamiento de los mecanismos de dirección en la economía cubana*, Revista Economía y Desarrollo, nº 78, xaneiro-febreiro de 1984, páx 87. A exposición máis completa dos fundamentos teórico-prácticos do SDPE atópanse en: ACOSTA SANTANA, José: *Teoría y Práctica de los Mecanismos de Dirección en Cuba*, Editorial de Ciencias Sociales, A Habana, 1982. (N.A.).

mica, non tivo comparación no planeta, mesmo que a referencia se sitúe dentro ou fóra das experiencias socialistas. En 1989, o peso relativo dos fondos básicos estatais na economía nacional representaban, na agricultura, o 92%; na industria, a construción, o transporte –excepto un pequeno grupo de operadores privados–, no comercio atacadista, comerciante polo miúdo e exterior, así como na banca, representaba o 100%. Socialismo e propiedade estatal simbolizaron o que pareceu ser un mesmo ideal.

Ao calor das liñas aprobadas no Congreso do PCC, en 1976-1980 foi desenvolvido un profundo ordenamento xurídico, e os axustes necesarios, para pór en funcionamento o SDPE. As tarefas do desenvolvemento económico-social canalizáronse mediante os planos quinquenais. O Estado ficou institucionalizado coa instauración dos Poderes Populares; así como ao aplicarse unha nova división político-administrativa.

O SDPE baseouse na propiedade estatal (identificada coa social) sobre os medios de produción; o carácter de lei do desenvolvemento planificado, un plano único da economía nacional e a planificación centralizada. Outorgou, polo menos no formal, unha certa autonomía ás empresas na utilización e manipulación dos recursos; as necesarias relacións de cobranza e pagamento, o emprego do diñeiro, prezo, finanzas, orzamento, etc. En xeral, o plano da economía nacional instrumentou a aplicación de categorías mercantís desposuídas de contido real, en calidade de ferramentas para medir o uso que as empresas facían dos medios postos á súa disposición.

Levar á práctica os propósitos implícitos no SDPE requiriu tensar esforzos de todo tipo. Incluíron organizativos, de preparación e recualificación de persoal, adecuación xurídica, reestruturación da ACE, así como a creación de Comités Estatais (finanzas, prezos, abastecemento, etc). A organización empresarial incluíu a formación de entidades nacionais, provinciais e municipais. Talvez, o máis importante, verticalizou a organización empresarial nacional ao ficar suxeitas aos ministerios ramais. Así, a etapa 1976-1980 describiuse como de “sementa” dos medios e rangos principais que daban contido ao “Sistema”; o seguinte momento, 1981-1985, sería pois, o da “colleita”.

Nos documentos do “II Congreso do PCC” expresouse que “os obxectivos determinados para o primeiro quinquenio, de aplicación paulatina do Sistema de Dirección e Planificación da economía alcanzáronse no fundamental, en canto á implantación dos mecanismos e regulamentacións que deben conducirnos á aplicación xeneralizada do cálculo económico”⁽¹⁰⁾. En 1981-1985 o PSG creceu ao ritmo do 7,5%; resultou o máis elevado dos tres quinquenios que van de 1976 a 1990.

Con todo, a mediados dos anos 1980, converxeron factores que trastornaron o desenvolvemento da economía cubana. Ante todo, “tocou fondo” a estratexia con soporte, no esencial, no “crecemento económico extensivo”, asociado a incrementos continuos no consumo enerxético e materias primas, así como fontes de acumula-

(10) Resoluciones aprobadas por el II Congreso del PCC, Editora Política, A Habana, 1981, páx 167.

ción sustentadas, en ausencia de suficientes achegues nacionais, en crecentes financiamentos externos⁽¹¹⁾.

Do mesmo modo, aflorou máis dunha deficiencia na aplicación das pancas económicas que sustentou o “*cálculo económico*” nas empresas; e nos métodos de planificación intrínsecos ao mesmo. Saíron á palestra graves distorsións económicas e sociais. Na percepción da dirección do país absolutizáranse os instrumentos monetarios en detrimento ou menosprezo das motivacións, non directamente económicas, e dos seus mecanismos de realización.

Coincidiron estes fenómenos cunha significativa deterioración nos ritmos dos gastos sociais e, con eles, unha diminución na construción de vivendas, círculos infantís, escolas, etc. O cumprimento do plano deformouse; adquiriron preponderancia os índices en valores con violacións das variedades; creceu a dependencia alimentar das importacións; non houbo correspondencia entre o fondo de investimentos e os rendementos. As empresas distorsionaron o pagamento polo traballo; o fondo de premio non sempre estivo asociado aos resultados. A independencia empresarial prevista no SDPE volveuse cada vez menos funcional⁽¹²⁾.

Un terceiro momento de transcendencia comezou a facerse visíbel a partir da primeira metade de 1986. Designouse como “*Rectificación de Erros e Tendencias Negativas*”; mais, en realidade, descubriu e introduciu un cambio de signo na xestión e dirección da economía. A máxima dirección do país, xa desde o “*III Congreso do PCC*” (1985) e, nos meses posteriores alertou, e mobilizou as masas ao proceso rectificador, unha vez postas en evidencia as deformacións máis visíbeis do SDPE⁽¹³⁾.

Así, de xeito organizado foron involucrados na “*batalla*” para erradicar as desviacións ás empresas, sindicatos, Partido, Comités de Defensa da Revolución, etc. Á vez que foron compulsadas e organizadas as forzas sociais, avogouse pola introdución e emprego de novos métodos, estilos de traballo, así como estilos máis dinámicos na xestión e dirección económica.

En síntese, as leccións que deixou a “*Rectificación*” baseáronse na renuncia a prácticas cualificadas de mediocres e burocráticas na planificación; crítica á mentalidade importadora; perfeccionamento dos procesos investidores, incremento nas obras sociais, como vivendas, instalacións de asistencia médica primaria, círculos infantís, etc. Foron promulgadas medidas e disposicións legais para reorientar e introducir novos métodos de pagamentos, e erradicar os erros detectados en materia de traballo e salarios.

Á vez, os mercados agropecuarios, cualificados de entidades deformadoras, foron eliminados; recuperouse a vontade hidráulica, o trazado de viarios, etc. e rena-

(11) DÍAZ VÁZQUEZ, Julio A.: *Cuba: Ajustes en el modelo económico, Enfoque sobre la reciente economía cubana*, Aguilar Editores SL, Madrid, España, 1998, páxinas 27-40.

(12) GARCÍA VALDÉS, Carlos M.: *Economía Cubana. Del trauma a la recuperación*, Editorial Pueblo y Educación, A Habana, páxinas 32-43.

(13) Para un tratamento exhaustivo da etapa, ver MACHADO RODRÍGUEZ, Darío L.: *Nuestro Propio Camino, Análisis del proceso de rectificación en Cuba*, Editora Política, A Habana, 1993, e GARCÍA VALDÉS, Carlos M.: Ob. Cit.

ceu a industria de materiais da construción. Xurdiron “novas” formas organizativas de ocupación, os “*continxentes*”, portadores de valores, conceptos e mecanismos renovadores de incentivos ao traballo, atención ao home, etc. Probáronse e introducíronse áxiles procedementos para incorporar ao desenvolvemento económico os adiantos científico-técnicos, en particular, en biotecnoloxía, enxeñería xenética e microelectrónica.

No plano da mobilización, rescatouse o “*traballo voluntario*” e revitalizouse a organización de “*microbrigadas*” para a construción de vivendas. No desenvolvemento social impulsáronse diferentes proxectos: no turismo, o Programa Alimentario, o chamado “*Plan Turquino*” nas zonas montañosas do País, así como se aplicaron variadas experiencias no sector empresarial.

Con todo, cando a análise é remitida ao “*frío ditame dos números*”, a eficiencia global en 1985-1989 deixou moito que desexar: o PSG resultou 1,2% inferior ao de 1985; o Ingreso Nacional Creado (INC) per cápita descendeu de 1.382 a 1.216 pesos⁽¹⁴⁾. A taxa de plus produto caeu de 1.574 ata os 1.145 pesos; a produtividade social do traballo baixou de 6.281 a 5.127 pesos. Outros indicadores como o rendemento dos fondos básicos, o consumo material por peso de INC, así como os custos totais por peso de PSG, tamén sufriron sensíbeis deterioracións⁽¹⁵⁾.

Unha conclusión parece obvia. As limitacións intrínsecas no SDPE, máis as inconsecuencias saídas á superficie na súa instrumentación convertérono nun “*cabalo con chagas*”. Da análise, discusións e adecuacións habidas, desprendeuse unha maior restrición, ás xa “*formais relacións monetario-mercantís*”, incluíndo outros mecanismos contemplados no Sistema cos que operaba a organización empresarial do país. Ao cal agregouse a falta de avances substanciais na conceptualización e deseño integral dun “*modelo*” alternativo ao frustrado “*cálculo económico*”.

Entre tanto, a caída do socialismo no centro-leste europeo; o agravamento do clima político e a ulterior descomposición da URSS apagaron en pouco tempo as condicións exteriores nas que se encadeou a economía de Cuba. Serviu, ademais, para sacar á boia as ineficacias “*larvadas*” no “*modelo económico*” polo xeneroso tratamento obtido nas relacións económicas e financeiras externas e, en primeiro lugar, as mantidas coa URSS.

Así, o último decenio do século XX levou á economía e sociedade insular por camiños inéditos e, para os cales, despois de 30 anos de case práctico divorcio do mercado mundial, non contaba con vantaxes aparentes para emprender tarefa de tamaño magnitude. A crise económica máis aguda na etapa revolucionaria, para algúns observadores, chegou ao país con atraso. Parodiaban, deste xeito, a “*década perdida*” que América Latina viviu desde 1982, e que parecía deixar atrás, pagando o alto “*custo social*” das “*políticas neoliberais*” aplicadas. No caso de Cuba, o mancar económico remontouse, na etapa máis álxida, sen acudir a prácticas de corte “*neoliberal*”.

(14) *Anuario Estadístico de Cuba*, A Habana, 1989, páxs 82-88.

(15) GARCÍA VALDÉS, Carlos M.: Ob. Cit.

1990: ...resistir ...salvar o socialismo

A partir de 1990 até os tempos que corren poden identificarse en Cuba dúas grandes etapas no cualificado de “*período especial en tempo de paz*”, así como as súas consecuencias sociais. Até 1993, a maioría dos analistas estenden a chamada “*administración da crise*”. Nese período o descenso acumulado do Produto Interno Bruto (PIB) superou o 35% e a capacidade importadora do país decreceu nun 88%. Foi instrumentado unha repartición máis equitativa da crise ao pasar todos os produtos a un réxime xeneralizado de racionamento; conxelarse os prezos; subsidiarse as empresas con perdas; mantívose e fortaleceuse a prioridade dos sectores sociais: educación, saúde e seguridade social, etc.

Desde 1994, comeza para uns, a “*reanimación*”; outros, con criterios máis optimistas dan por sentada a fase da “*recuperación económica irreversible*”, aínda que, con intermitencias conxunturais. A economía creceu en 1994-1999 a un ritmo anual superior ao 4%; e, entre o 2001-2007, a máis do 9,7%. Nestes resultados, dous son os factores que non poden eludirse. Un, a estratexia de resistir trazada pola dirección da revolución; o outro, a existencia dunha política económica do que cumpría facer primeiro e os pasos que debían darse con posterioridade⁽¹⁶⁾. Dentro da opción socialista, o país contou cunha estratexia flexíbel que deu resposta ao duplo bloqueo: o aplicado e recrudecido polos Estados Unidos, máis o desaparecido socialismo europeo.

Así, un sucinto reconto das medidas implementadas destacaríaa: a apertura ao capital estranxeiro, a despenalización da tenencia de divisas, os cambios no uso da superficie agrícola, co traspaso da terra en usufruto permanente e gratuito a colectivos obreiros; a entrega de terreos desocupados a individuos e familias para cultivos forestais e producións exportábeis, etc. Contaron, alén diso, coa apertura de “*mercados*” para realizar os excedentes da agricultura e a produción artesanal, a autorización para exercer o traballo por conta propia, incluídos a gastronomía e outras actividades.

Na orde macroeconómica resaltou a reforma do sistema bancario; os axustes realizados para balancear as finanzas internas foron aplicados con criterios sociais. O aumento de prezos recaeu nos produtos luxosos e outros consumos como cigarros, tabaco, bebidas alcohólicas, etc. Nos servizos, na eliminación de gratuidades e outras liñas tívose en conta facer mínima as afectacións aos núcleos de menores ingresos. Introduciuse un sistema tributario e as tarifas alfandegarias ao revitalizarse primaron o interese social e económico. O orzamento do Estado reduciu o déficit a cifras que oscilaron ao redor do 2-3,5% do PIB.

Hoxe, os “*mercados segmentados*” para satisfacer a demanda de produtos de amplo consumo popular conta co: “*caderno de abastecemento*”, que garante a

(16) Ver LAGE DÁVILA, Carlos: *Discurso en la reunión de Directores de Empresas en proceso de Perfeccionamiento Empresarial*, xornal Granma, A Habana, 15 de xuño de 2000, e RODRÍGUEZ GARCÍA, José Luís: Entrevista, *El Economista de Cuba*, xaneiro-febreiro de 2000.

“cesta básica” que ofrece resposta ao 55% dos alimentos para unha familia; as distintas variantes de “mercados agropecuarios”: estatais, de prezos controlados, de produtores privados, organopónicos, feiras, etc, como complemento para adquirir produtos de orixe agrícola; a posibilidade de gozar de servizos para reparar calzado, barbeiro, canalización, taxis, modistas, etc; alimentos lixeiros ou comidas nos mercados de “traballadores por conta propia e artesáns”.

Alén diso, existen ofertas de bens liberados ou en “mercados paralelos” do Estado; a diversidade ou remanentes presentes de “mercadorías informais ou negras”, surtidoras de artigos de orixe ilícita ou cuxo comercio non está permitido (café, queixos, etc); e as alternativas das diferentes “cadeas de tendas recadadoras de divisas” que substitúen as necesidades de produtos alimenticios fóra do “caderno” e dos “mercados agropecuarios”, así como a masa dos medios de hixiene persoal, roupa, calzado, útiles para o fogar, quincallaría, ferrallaría, efectos electrodomésticos, material de escritorio, etc.

Non faltou a racionalización da ACE, ao reducírense de 50 a 32 os organismos nacionais; simplificándose, alén diso, as estruturas e, con elas, tendeu a unha maior descentralización, outorgando máis independencia ás empresas. Foron consagradas na reforma da Constitución de 1992 os cambios no funcionamento da economía; ficou abolido o monopolio do comercio exterior; a planificación evoluiu dos equilibrios a través dos balances materiais, á concentración das achegas en divisas e importancia das finanzas na regulación e control da economía.

Ao mesmo tempo, o comportamento favorábel que houbo na estabilización da circulación monetaria incluíu a introdución dun “Peso Convertíbel” (CUC). Substituíu á distinta certificado-divisa que circulaban no país; e desde outubro de 1995 opera unha rede de troco nacional para a compra de moedas a persoas naturais; e venda-compra de CUC en “pesos” (CUB) pola entidade “Casas de Cambio SA” (CADECA). Tamén foi autorizada a apertura en contas de poupanza á vista e a prazo fixo á poboación en diñeiro convertíbel, a taxas de interese de “mercado” e por tipo de depósitos.

Así, xurdiron premisas para eliminar da circulación o signo monetario estranxeiro como moeda xunto ao peso. Primeiro, todos os depósitos en mans das empresas e a poboación foron convertidos en CUC ficando establecida unha “caixa central” de troco. Despois, o CUC substituíu ao dólar como medio de pagamento-compra na rede comercial en divisas; aínda que o valor e as fluctuacións do CUC están asociados ao “dólar”. Á vez, existen dúas “taxas de troco”: un por un, no circuíto empresarial; e 24 por un, para a poboación. Factor a superar, pois repercute de xeito “perverso” na operación e medición da eficiencia da economía nacional.

Indubidabelmente, o conxunto de factores introducidos para manter saneada a liquidez interna, balancear o orzamento e a creación de CADECA, serviron para ir restabelecendo paso a paso, o papel do degradado “peso” na economía, así como trazar unha resposta inicial na superación –non é un fenómeno que só incumbe as finanzas–, da existente “dualidade” de dúas moedas nacionais, unha “dura”

(CUC) e outra “*branda*” (CUB) que actualmente operan nas canles da circulación monetaria do país.

Con todo, a medida de longo alcance na xestión e dirección da economía, e que determinará no próximo futuro, a etapa de consolidación da “*recuperación*” da economía e, alén diso, debe orientar os principios definitivos para a estratexia de desenvolvemento a deseñar, así como servir de guía para aplicar os “*cambios estruturais*” que o país acomete, están contidas no “*Perfeccionamento Empresarial*”(PF)⁽¹⁷⁾.

As normativas contidas no documento reitor do PF nutríronse das experiencias levadas a cabo, por varios anos, nas “*Empresas Militares do Ministerio das Forzas Armadas*” (FAR). O “*punto neuráxico*” do PF recae na empresa; constitúe o “*elo fundamental da economía*”. Debe autofinanciarse; combina un todo integral; adapta cada estrutura empresarial como “*traxe á medida para cada unidade*”, mesmo cando se desenvolven dentro dun mesmo ramo. Nova resultan as facultades outorgadas a “*Director*”; para algúns especialistas parecen ser maiores que as exercidas polo empresario “*capitalista*”.

Polo menos catro elementos poden avaliarse de innovadores. O primeiro, corresponde á formación das “*Xuntas de Goberno*”, que xorden nos niveis superiores de dirección empresarial e nas unidades independentes. As “*Xuntas*” representan os intereses do Estado nas funcións relativas á análise dos planos e orzamento, cumprimento dos obxectivos económicos, así como a distribución das utilidades.

O segundo elemento involucra a política salarial. Contemplou readaptacións nos postos de traballo, cualificadores, tarifas, estimulación con premios e sancións. Trátase de obter maior vinculación entre o salario rendido e os resultados; establecer diferenciacións que estimulen as opcións a cargos de máis responsabilidade e cualificación; descentralizar a organización do salario e lograr o autofinanciamiento. Recentemente, a Resolución 9/08, “*Regulamento Xeral sobre as formas e sistemas de pagamento*”, do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, uniformou a política de estímulos salariais entre as empresas en PE e as que aínda non están nese proceso⁽¹⁸⁾.

En terceiro lugar, insítese en que a empresa utilice amplamente “*mercado e concorrencia*”. Esta vía procura o predominio dos nexos “*horizontais*”, “*interempresariais contractuais*”. Para iso serve de sostén o “*compromiso estatal seleccionado*” que definen os ministerios ramais ou outras instancias autorizadas, formalizado mediante contrato económico. Dependen do financiamento que facilite o Estado para o seu cumprimento.

O cuarto punto toca os investimentos. Os fondos para reposicións, ampliación ou modernización fináncianse dos recursos extraídos de: medios propios, crédi-

(17) *Bases Generales del Perfeccionamiento Empresarial (BGPE)*, Gaceta Oficial de la República de Cuba, A Habana, 14 de setembro de 1998.

(18) Xornal Granma, 11 de xuño de 2008, páx 3.

tos bancarios e do orzamento estatal; os últimos de maneira excepcional. Isto para os pagamentos en moeda nacional. Cando se trate de divisas, as fontes deben proceder de préstamos bancarios, doazóns e achegues doutros provedores, sempre de orixe externa á empresa.

Desde o ángulo organizativo as empresas que aspiran a entrar en PE cumpren un “*calendario*”, incluída a elaboración dun “*diagnóstico*” que, remitido ao “*Grupo Governamental*” –subordinado ao Comité Executivo do Consello de Ministros (CECM)–, avalía e aproba as propostas das instancias da ACE para comezar a aplicar as BGPE. Ao aceptarse o documento presentado, a empresa enche o expediente; o ategado debe conter un total de 22 apartados que, como punto final, detalla o cronograma de implantación do PE.

Entre as máis frecuentes deficiencias figuraron: non coincidencia da estrutura organizativa co persoal de cargos, falta de integridade, problemas na definición de funcións-facultades, nos esquemas salariais e sistemas de pagamento, na elaboración dos orzamentos de ingresos e gastos en dividas e na avaliación económica dos proxectos presentados.

En canto ao PE, visto como proceso continuo, para mellorar a xestión dirección empresarial e con iso elevar a eficiencia da economía, mostra despois de 10 anos de introdución resultado que ben pode cualificarse de “*magro*”. Dun total de 2.732 empresas, aplicaban o PE só 797 (un 29%). Os indicadores económicos ao finalizar 2006 proxectaron os seguintes datos: as vendas creceron en 21%; as utilidades 5%; o achegue en divisas, 20%. Os ocupados aumentaron en 5%; a produtividade 7%; e o salario medio de 399 pasou a 484 pesos.

Entre o déficit máis frecuente nas empresas acollidas ao PE contaron: 107 unidades (13%) con resultados insuficientes na contabilidade e o control interno; 38 saíron do proceso por esta causa. Só 40% lograron avalar sistemas de calidade; de 625 sistemas de multas, 138 estiveron mal concibidos ou deficientemente aplicados.

A planificación empresarial aínda non constitúe unha ferramenta de dirección; 389 unidades planificaron no ano 2007 menos utilidades que as obtidas o ano anterior; 9 previron perdas. Alén diso, no primeiro semestre de 2007, unhas 220 entidades xa cumpriran os seus planos de utilidades do ano⁽¹⁹⁾.

Finalmente, o desenvolvemento das acomodacións producidas no funcionamento da economía cubana estivo precedido de variadas glosas. Os apelativos máis usados pola academia, investigadores, xornalistas, analistas estranxeiros, etc, compendian unha ampla gama de cualificativos: “*liberalización*”, “*axuste*”, “*transición*”, “*reforma*”, “*apertura e axuste*”, “*desregulación*”, “*marcha cara a unha economía de mercado*”, etc. Unha clasificación máis integral considerou que, á altura de 1993, a economía cubana presentou un carácter “*dual polarizado*”, con dúas

(19) DÍAZ VÁZQUEZ, Julio A.: *Diez reflexiones sobre el socialismo*, Revista Temas n° 53, páxs 179-185, xaneiro-marzo de 2008, A Habana, páx 180.

manceiras distintas de operar: en divisa (dólar) e moeda nacional. Para, despois formarse e operar un “*modelo semintegrado*”⁽²⁰⁾.

Para rematar, con respecto ao conxunto das interpretacións, parécenos útil facer tres precisións. Unha, en ningún documento governamental ou partidista; exposición ou pronunciamentos de dirixente algún do Partido-Estado recoñeceu as adecuacións introducidas como “*apertura*” ou “*reformas*”. Outra, foron incorporados elementos propios de “*mercado*” entendidos de inadiábeis para manter o “*proyecto social*”; mais sen darlles integridade. A terceira, o conxunto de cambios e medidas instrumentadas, na súa concepción e aplicación, coidouse de non outorgarlle un carácter irreversible.

Reflexións finais

Até aquí, sintetizamos, nos seus “*núcleos*” centrais, as etapas e experiencias que percorreu Cuba na articulación dun “*sistema de dirección e xestión da economía*”, acorde cos postulados esenciais empregados dentro da “*construción socialista*” de inspiración soviética emprendida na illa. Agora, só chamaremos a atención acerca dalgúns interrogantes sobre “*mercado e plano*” que poden fornecer, alumar e suscitar esclarecementos teórico-prácticos; ou mellor, sirvan para superar ou debater polémicas que a propia historia do “*socialismo real*” cancelou.

Ante todo, é bo recordar que non poucos beneficios achegou, para dar vida ao “*modelo*” acuñado na URSS e, co mesmo, á dirección centralizada da economía, a “*ausencia de relacións mercantís e a competencia*”. No concreto, cando na economía socialista se debateu o pertinente do emprego activo destas categorías, o que se evadía era recoñecer o papel e lugar do “*mercado*”. Ademais, isolarse do “*mercado internacional*” e ignorar o seu activo desempeño, moito achegou á existencia de irracionalidades que evidenciou o funcionamento do “*modelo*”. Non espanta hoxe que a rama máis dinámica nas exportacións e progreso científico-técnico en Rusia sexa a militar; precisamente, a única sometida á competencia internacional.

Doutra parte, os efectos administrativos presentes no “*modelo*” resultaron paralizantes, refractarios a toda innovación, sumado ás tendencias burocráticas contidas na suxección das empresas a ríxidos esquemas verticais –que explicitamente reproducían a todos os niveis do país as estruturas de dirección e control–, erixíronse en sólidas barreiras que fecharon o paso á asimilación de novas tecnoloxías, así como ás iniciativas innovadoras.

(20) GONZÁLEZ GUTIÉRREZ, Alfredo: *Economía y Sociedad: los retos del modelo económico*, Revista Temas nº 11, 1997, A Habana, páx 11. Un interesante compendio de artigos que ilustra e comenta os contidos das opinións dos autores, máis un conxunto de declaracións e resolucións, están incluídos no volume: DIRMOSER, Dietmar, ESTAY, Jaime (coordinadores): *Economía y Reforma económica en Cuba*, Editorial Nueva Sociedad, Caracas, Venezuela, 1997. (N.A.).

Non resultou, por conseguinte, un fenómeno isolado que cada certo intervalo de tempo o funcionamento das economías socialistas se abocasen a reformar os mecanismos económicos aplicados, así como a mudar os indicadores e apartados contidos no plano da economía nacional. Unha breve incursión retrospectiva evidencia que así sucedeu a mediados da segunda metade dos anos 1930 na URSS; fixéronse urxentes a finais de 1950; e, a partir de 1960, comezaron a manifestarse como obxectivo intrínseco que reaparecía en períodos oscilantes cada 5-10 anos.

O socialismo implantado en Europa do Leste tampouco escapou a estes ciclos reformadores desde a década de 1960. Como na URSS, argumentouse que estas economías experimentaban a urxencia de transitar de etapas de desenvolvemento “*extensivo*” cara a métodos “*intensivos*” de crecemento económico; animados pola necesidade de acceder ao mercado internacional e introducir rapidamente os cambios tecnolóxicos que ocorrían na economía mundial.

Con respecto aos cambios na planificación, a administración territorial, a dirección da economía, nos sistemas de incentivos económicos, etc; ou o que é o mesmo, as desviacións no funcionamento da economía que as reformas paliaban, prevalece o consenso aceptado pola maioría dos estudosos do socialismo, segundo o que a orixe dos conflitos e desproporcións, en esencia, tiñan a súa raíz no funcionamento do propio “*modelo*”.

Á súa vez, soa a sacrilexio que o desenvolvemento en espiral traia á tona a parodia de que a historia se reproduza –como gustaba de dicir Marx–, unha vez como “*farsa e outra en traxedia*”, ao revivir a disxuntiva de que teóricos e prácticos das ciencias económicas volten ao dilema primario: “*o socialismo subsiste, precisamente, en países dun nivel baixo de desenvolvemento económico*”. Este “*subdesenvolvemento*” pon sobre o tapete a necesidade de transformar as estruturas económicas multiformes e as manifestacións sociais que lle son comúns. Sen abusar de ironías, “*a vella toupa*” encargouse de pasar a conta a aqueles que persistiron na senda de saltar ou eludir a etapa mercantil.

En última instancia, e repetiuse moitas veces, aínda cando unha sociedade atope o camiño da lei natural en correspondencia á cal se move, xamais poderá evadir nin saltar por benintencionados propósitos, nin decretos, as fases naturais sobre as cales se desenvolve. Poderá, en todo caso, reducir ou atenuar unicamente as “*dores do parto*”.

Por outra parte, hoxe é posíbel encontrar conformidade, despois de asistir ao naufraxio do “*modelo soviético*” e as variantes aplicadas no centro-leste europeo, incluída a experiencia autosexstora iugoslava, e en Asia, até finais 1970 e mediados de 1980, de que as economías de dirección centralizada socialista coñecidas, careceron no fundamental de xestión e dirección económica de “*propiedades xenéticas autocorrectoras*”. A “*reforma e apertura*” na China (1978); e a “*renovación*” (1986) en Vietnam, parecen suxerir que ese papel correspóndelle ao “*mercado*”. A conclusión resulta obvia, ao nivel das forzas produtivas actual, a sociedade fica lonxe de poder enviar o “*mercado*”, xunto á roca e o tear manual, ao museo da historia.

Así mesmo, algo novo que parece deixar as leccións do socialismo esgotado e do existente, apunta ao esclarecemento de que o concepto de “mercado” non é identificábel co capitalismo. Máis ben, constitúe un conxunto de medios e métodos debidamente “institucionalizados” para a distribución e emprego de certos recursos. A súa aparición, mutacións e complexidades actuais son o froito compartido da civilización e desenvolvemento económico do mundo moderno. O “mercado”, por natureza, non é unha conquista privativa da burguesía nin o legado especial da súa sociedade. Á vez, a “planificación” non é inherente ao socialismo en exclusiva; as súas raíces arrincan no capitalismo industrial.

Posibelmente, un importante papel na identificación do “mercado” co “capitalismo” tívoo a burocracia internacional vinculada ás organizacións do Sistema de Nacións Unidas (ONU). Ante a disxuntiva de despolitizar ou desideoloxizar a dicotomía “capitalismo-socialismo”, optaron por designar aos países socialistas como “economías centralmente planificadas”; e as capitalistas como “economías de mercado”. Alén diso, non pode ignorarse que a literatura “ortodoxa” do socialismo achegou moita auga a este muíño.

Non cumpre esquecer, tampouco, que o “mercado”, como Jano, ten dúas caras. Unha, a estimulación da actividade comercial, o incremento dos incentivos ao traballo, a saturación das vidreiras, etc; alén diso, que diferenza aos produtores. A outra, a exacerbación da cobiza, sentimentos e instintos baixos, o egoísmo e individualismo. O creativo radicaría en tirar proveito do primeiro rostro e pór freo social ás deformacións do segundo aspecto.

Vale acrecentar que o “mercado” non é só o lugar onde concorren vendedores e compradores. O “mercado” e os atributos incluíbeis que lle dan contido para o seu funcionamento, en realidade, constitúen unha “institución”. A arquitectura mercantil esixe integridade e un adecuado marco xurídico-institucional como condición *sine qua non* para a súa incorporación na súa acepción moderna. O comercio, sen o adecuado control, conduce a unha desmedida diferenciación social, obtención de ingresos non provenientes do traballo e a prácticas corruptoras. Integrar organicamente os mecanismos mercantís na economía fai necesario definir que producións e servizos deben ser regulado polo “mercado” e que prestacións fican a cargo do Estado⁽²¹⁾.

Así mesmo, ao tomar o socialismo, na versión do “modelo soviético”, un camiño que o afastou do desenvolvemento do control financeiro da economía, non estivo en posibilidade de incorporar á súa experiencia o emprego destas categorías macroeconómicas no desempeño económico. Isto, debería de concitar a atención dos especialistas e investigadores, para seguir de preto os avances que neste terreo parecen mostrar as experiencias das “economías socialistas” existentes. Cuestión, tamén de validez, para outras “categorías” e “leis” herdadas do socialismo refugado

(21) SHAO GUANG, Wang: *El Estado, la economía de mercado y transición en China*, Revista Temas nº 50-51, abril-setembro de 2007, A Habana, páxinas 87-98.

pola historia; é dicir, separar o “científico” da “apoloxética”, como ben o cualificou o Che Guevara.

Tampouco pode ignorarse que a abstracción “*construción do socialismo*” atopou fundamento teórico da práctica da URSS. De aquí, pode desprenderse a interpretación que a vía “socialista”, resulta unha ruta “*en áreas de capitalismo dependente ou neocolonial*” para acceder ao “*desenvolvemento económico*”⁽²²⁾. Noutras palabras, así, pareceu identificarse ao socialismo cunha “*teoría do desenvolvemento económico*”. Na “*dedución dos clásicos*” o comunismo, aceptando a existencia dunha etapa intermedia, caracterizada por Lenin, de socialista, está asociada á superación económico-social dunha determinada sociedade: a “*capitalista*”.

Así, aplicar construcións académicas ou prácticas onde o “*mercado*” é aceptado conxunturalmente; por necesidade de forza maior ao convivir nunha fortaleza cercada pola economía capitalista; ou tolerar as novas situacións que crea a inserción do mercado –período especial– na economía; estáselle recoñecendo como un mal necesario. Noutro horizonte, non forma parte da natureza das relacións de produción no socialismo. A estas vénlle imposta desde fóra. Non hai moito que dicir sobre isto; a propia evolución da “*teoría ortodoxa*” socialista deulle resposta, ao recoñecer, ao final do camiño, o carácter necesario da economía mercantil no socialismo.

Nesta orde, os economistas do patio, ao analizar a procura de métodos para elevar a “*competitividade*” da empresa ou do país, parecen esquecer que a atención que prestan os “*neoclásicos*” a este obxectivo parte de universalizar a chamada “*economía de mercado*”. Ignoran estas construcións analíticas a mundialización económica, ou mellor dito, o tránsito do capitalismo da “*economía mercantil*” a unha “*sociedade de mercado*”. Visto así, “*competitividade*” resulta un manto que trae de “*contrabando*” á palestra o “*ausente-presente-mercado*”. Igualmente, chama a atención a pouca repercusión que tivo na “*academia*” importantes proposicións onde é recoñecida a necesidade de incorporar, organicamente, o “*mercado*” ao “*socialismo coñecido*”⁽²³⁾.

Unha anotación constataría que, a “*sabia historia*” non di hoxe cando no país se adoptou a decisión de introducir a versión “*restrinxida*” do “*cálculo económico empresarial*”, seguindo os postulados intermedios entre a versión orixinal e os “*remendos*” achegados polas reformas introducidas nos anos 1960, xa este mecanismo de dirección e xestión da economía perdera toda vixencia innovadora. Axuntando que, na versión “*caribeña*”, nunca chegaron a funcionar de “*xeito sistémico*” todas as súas categorías. Certo, isto último, en particular, para a autonomía empresarial e outros compoñentes do SDPE.

(22) CASTRO RUZ, Fidel: *El socialismo como sistema se ha convertido en una condición del desarrollo*, discurso pronunciado o 20 de decembro de 1969, Revista Economía y Desarrollo, nº 1, A Habana, páxinas 5-35.

(23) GONZÁLEZ GUTIÉRREZ, Alfredo: *Socialismo y mercado*, Revista Temas nº 30, 18-29 xuño-setembro de 2002, A Habana, páxinas 18-29. Posibelmente, foi este incansábel “*obreiro económico*” –Premio Nacional de Economía (falecido)– o especialista práctico-teórico que máis profusa e con riqueza analítica penetrou no desempeño da economía cubana nos derradeiros tres lustros. (N.A.).

Pasando por alto a conxuntura política que levou á institucionalización do proceso revolucionario a mediados de 1970, onde un dos seus puntos centrais foi o SDPE, non pode deixar de sinalarse que o país aínda non posuía, nese momento, unha masa crítica de investigacións, persoal cualificado, así como publicacións especializadas que apoiasen un esforzo de exame rigoroso que definise as vantaxes e limitacións do “*modelo*”. Isto pode explicar por que non existiu unha clara comprensión do que significaron as “*reformas económicas*” de finais de 1950 e, a partir de 1960, nas economías socialistas europeas, interpretándoas de regreso ao capitalismo.

Tamén, é preciso recordar que na práctica e intelectualización do socialismo en Cuba estivo presente, nun ou outros momentos da súa traxectoria histórica, un certo rexeitamento ás relacións monetarias mercantís, ao identificalas co capitalismo. O “*mercado*” é unha “*arma dentada*” herdada do vello réxime. Os elementos de “*mercado*” devidos en pancas empregadas para remontar o xurdimento da crise económica en proceso de reversión, lastraron o seu emprego ao aceptalo como “*mal necesario*”. Alén diso, é un feito que o cualificado de “*reforma*” entrou en franca “*reversión*”.

Finalmente, parece útil unha necesaria marcación. As transformacións xeradas na China e no Vietnam; as mutacións introducidas en Cuba, e, en menor medida, perceptíbeis na República Democrática Popular de Corea, suxiren a formación doutros “*modelos socialistas*” afastados da teoría e a práctica do “*socialismo real*”. O avance na creación de modelos propios na chamada “*construción socialista*” reforza a tendencia á pluralidade, de acordo ás experiencias de cada país e as cambiantes realidades que determinan os camiños xeopolíticos do século XXI.

Con todo, as medidas que leven a “*introducir os cambios estruturais e conceptos que resulten necesarios (?) con sentido crítico e creador, sen anquilosamentos*”⁽²⁴⁾ e implementar os inadiábeis “*perfeccionamentos*” no desenvolvemento da xestión e dirección empresarial, así como insuflar maior dinamismo ao desenvolvemento da economía, non é razón suficiente para identificar, como o fan algúns economistas e non poucos observadores externos, con ver as solucións no “*modelo chinés*”.

Por outra parte, aínda que resulta positivo que o seguimento do que acontece nas economías chinesa e vietnamita motive reflexións sobre a conveniencia de estudar algúns dos seus resultados, non é menos certo que as diferenzas xeográficas e socio-culturais marcan distancias que non deben ignorarse. Asia converteuse na economía máis dinámica do planeta. Crecer e desenvolverse é un imperativo para non ser apartado do camiño. China e Vietnam optaron por aceptar o reto da globalización e entrar a competir con esas regras do xogo.

Cuba, na área de América Latina, enfrenta o seu propio desafío globalizador para reinserirse na economía internacional, agravado pola hostilidade e o bloqueo

(24) CASTRO RUZ, Raúl: *Discurso en el LIV Aniversario del Asalto al Cuartel Moncada*, xornal Granma, 27 de xullo de 2007.

dos Estados Unidos; e a lenta recuperación que experimenta a rexión latinoamericana para deixar atrás os látegos e secuelas das políticas neoliberais aplicadas no resinte pasado.

A poboación urbana cubana é de case 75%; e ao redor do 25% radica en sitios rurais. China e Vietnam distínguense por todo o contrario; 64% e 36% na primeira e preto do 80% e o 20% na segunda. Cuba caracterizouse historicamente por ser unha economía agraria, mais non camponesa como a chinesa ou a vietnamita. O que, en boa medida, explica os enormes esforzos que a realización económica modernizadora esixiu para “*incorporar o mercado*” á xestión da economía e, aínda demanda, nos dous países asiáticos.

A extensión territorial e poboamento non deben pasarse por alto. Diferenzas rexionais, zonas de pobreza, comunicacións, etc, teñen influencias evidentes para acelerar ou retardar as políticas innovadoras. A China presenta as maiores disparidades. Vietnam, alén do atraso secular e subdesenvolvemento da economía, enfronta a crecente brecha entre o Norte-Sur do país. Distorsións non presentes tan marcadamente nas rexións cubanas.

O factor cultural debe atenderse. A China reabre o debate de finais do século XIX e inicios do XX coa difusión de influencias intelectuais que avogaban porque o país se abrise a Occidente na captación de tecnoloxías e institucións democráticas. Vietnam, colonia francesa durante moitos anos, estivo máis aberto a estas tendencias. Cuba, pola contra, ten as súas raíces nacionais e culturais dentro da tradición occidental.

Igualmente, non debemos pasar tampouco por alto que as dúas nacións asiáticas acumulan unha vida cultural e aldeá de miles de anos; así como que a estrutura e tradición familiar tiveron papeis moi diferentes nos asentamentos asiáticos e caribeños. O que non significa, por exemplo, descoñecer o positivo papel desempeñado polas industrias rurais na China.

Aliás, o dito non debe obviar a validez de ilustrarse sobre a evolución económico-social da China nos últimos 30 anos, tanto no positivo como o negativo; observación que tamén é extensíbel ao que acontece no Vietnam. O sensato e lúcido radica en estudar, aprender, experimentar, antes de xeneralizar calquera solución, con “*es- pírito creador*”; e manifesta vontade de “*mudar todo o que deba ser mudado*”; factores que parecen marcasen o rumbo no próximo futuro da illa.

Para acabar, aos 50 anos de emprender o camiño socialista en Cuba, é comprobábel que a dirección e xestión da economía careceu dun “*modelo sistémico*”. Neste terreo podería, repetindo ao refranceiro popular, na “*variedade está o gusto*”, se constatamos a diversidade de “*experimentos*” habidos para organizar e implementar un “*sistema*” de xestión e dirixir con eficiencia a economía do país. Mais, “*a verdade, hai que extraela da realidade*”, diría o “*pragmático*” coincidindo co “*filósofo*”. Hoxe, a illa conta cun caudal de “*masa gris*” inimaxinábel en 1975 que, ben pode, con éxito, remontar o círculo que rememora “*a volta da nora: plan ou mercado*”.

Concluíndo, organizar un mecanismo moderno e eficiente para dirixir e xestionar a economía, é, sen discusión, un dos principais temas, entre os colosais retos que ten ante si, o desempeño económico do país. Con todo, parece oportuno ter presente que, ao debater calquera deles, como norte orientador, seguindo a Marx, debe inscribirse, na porta da ciencia, como no limiar do inferno: “Déixese aquí cando sexa receo”; “Mátese aquí canto sexa vileza”.

Xuño de 2008.

Julio A. Díaz Vázquez é profesor titular do Centro de Investigacións de Economía Internacional na Universidade da Habana.